



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE**

D. Gonzalo Constenla Bergueiro  
(Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural)

**VOCAIS**

Dn. Alfonso Castro Carrera  
(Avogado polo Colexio da provincia)  
D. Luis M<sup>a</sup> Muiños Vidueira  
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)

**VOCAIS REPRESENTANTES DO  
LUGAR DE CURROSPEDRIÑOS,  
CONCELLO DE SILLEDA**

D. Manuel Doval Canabal  
D. José A. Rozados García

**SECRETARIO**

D. José M<sup>a</sup> Muiños Mayoral

Na cidade de Pontevedra, sendo as dez horas do día dez de xaneiro do 2006, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, réunese na 4<sup>a</sup> planta do edificio sito no n<sup>o</sup> 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación do monte "Currospedriños" do lugar de Currospedriños, da parroquia de Refoxos, do concello de Silleda.

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.-** Con data 09/07/04, tivo entrada no rexistro do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, escrito presentado por unha serie de titulares do monte "Currospedriños", na que solicitan a clasificación como veciñal en man común do monte sinlado como veciñal en man común a favor dos veciños do lugar de Currospedriños

**SEGUNDO.-** Na reunión celebrada polo Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común o día 28 de outubro do 2004 acordouse incoar o expediente para a clasificación, do devandito monte e nomear instructor do mesmo a D. Alfonso Castro Carrera e a remisión do mesmo ó Servicio de Montes e Industrias Forestais ó obxecto de elabora-lo informe preceptivo, de conformidade co prescrito no artigo 20 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro



**TERCEIRO.-** Consta no expediente escritos de alegacións formulados e presentados por D. Juan Ramón Pichel Teijeiro e Dna. María Abeledo Penas que alegaron todo aquilo que lle conviña en dereito ós efectos oportunos

**CUARTO.-** Con data 12/05/05, tivo entrada no rexistro deste Xurado Provincial de Montes, informe de aproveitamento do monte "Currospedriños" remitido pola Xefatura do Distrito Ambiental XVI: Deza-Tabeirós

**QUINTO:** Á vista da documentación aportada polo solicitante e á vista dos informes do Servicio de Montes e Industrias Forestais, o monte obxecto do presente expediente de clasificación obedece á seguinte descripción:

**CONCELLO: SILLEDA**  
**LUGAR: CURROSPEDRIÑOS**  
**PARROQUIA: REFOXOS**  
**NOME DO MONTE: Currospedriños**

**Cabida:** 11,34 Has. (superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**Norte:** Monte dos veciños de Siador e fincas particulares de Herdeiros de Francisco Pichel

**Sur:** Fincas particulares de Manuel Doval Canabal, Julio Doval García, Luis González Soto, José A. Rozados García e Manuela Valiñas Valiñas

**Leste:** Fincas particulares de Josefa Valiñas García

**Oeste:** Fincas particulares de José B. Matanzas Meijomence e Herdeiros de Francisco Pichel

**Servidumes e ocupacións:**

O monte atópase atravesado pola estrada Currospedriños-Siador

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro:** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

**Segundo.-** De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende por montes veciñais en man común "*... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños*".



Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais (Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, de 07/02/01, con cita doutras sentenzas anteriores da mesma sala do 20/03/84, 03/11/87, 18/06/91, 14/12/95, 11/04/97, 24/04/00...)

**Terceiro.-** O uso en man común do monte "Currospedriños" tense acreditado coa documentación aportada polos solicitantes e polos informes do Servicio de Montes e Industrias Forestais. De ditos informes, se desprende que o monte atópase atravesado por unha pista forestal feita polo distrito como traballos de prevención de incendios, asimesmo no folio 33 do expediente, pódese observar que o solicitado polos veciños do lugar de Currospedriños ocuparía parte dunha parcela privada, que aparece no plano con raias verticais azuis.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, ponponse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

**CLASIFICAR como veciñal en man común o monte "Currospedriños", a favor dos veciños do lugar de Currospedriños, da parroquia de Refoxos, do concello de Silleda de acordo coa descrición reflectida no feito quinto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución con excepción feita da superficie ocupada pola finca privada reflectida no plano do folio 33 do expediente e a superficie ocupada pola estrada Ccurrospedriños - Siador.**


Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Ramón Dorval  
García

L. F. (Luis F. Quintas)

Luis F. Quintas

[Signature]



Nº DA FOLLA :  
153-16-17  
153-26-27



PARCELA CLASIFICADA  
SUP. = 11,13 hos.

DATA : XANEIRO-2.006  
ESCALA : 1/5.000  
AUTOR : TOPOGRAFIA

TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACIÓN  
CONCELLO : SILLEDA PARROQUIA : REFOXOS  
MONTE : CURROSPEDIÑOS  
COMUNIDADE : CURROSPEDIÑOS



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
SERVICIO DE MONTES-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA



*[Handwritten signature]*

*Manuel Doves*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*